



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A FEDERACIÓN GALEGA DE PIRAGÜISMO PARA O FOMENTO DO PIRAGÜISMO EN PONTEVEDRA MEDIANTE A ORGANIZACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS DE CARÁCTER NACIONAL NO ANO 2015.

No Concello de Pontevedra, sendo as 11:30 horas do día 14 de maio de 2015.

REUNIDOS:

DUNHA PARTE: D. Miguel Anxo Fernández Lores, alcalde-presidente do Concello de Pontevedra, no ejercicio das atribucións conferidas pola lexislación do réxime e da administración local.

DOUTRA PARTE: D. José Alfredo Bea García (NIF 35.456.180-R) como presidente da Federación Galega de Piragüismo (NIF G-36.040.764).

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio e, a tal efecto,

EXPOÑEN:

I. Os estatutos da Federación Galega de Piragüismo (FEGAPI) foron validados e inscritos, baixo o nº 294, no Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia. Dita Federación foi constituída sen ánimo de lucro, tendo como obxecto social o de promocionar, dirixir e ordenar dentro de Galicia, sen prexuízo das competencias concorrentes das distintas administracións públicas, as actividades propias da súa modalidade deportiva. Deste xeito, no seu plan de actividades destaca, para a promoción do deporte e en especial do piragüismo, a celebración de diversos eventos deportivos de alto nivel no estado Español.

II. O artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local establecen que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas materias de promoción do deporte e de instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre. No mesmo senso, o artigo 8 da Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia establece como competencia dos concellos, entre outras, fomentar e promover a actividade deportiva no seu territorio respectivo.

III. O Concello de Pontevedra fai un esforzo moi importante para a celebración, no noso municipio, de eventos deportivos de primeiro orde no Estado español, coa finalidade de fomentar a participación deportiva entre a poboación e promover a súa imaxe.

IV. A organización dos eventos subvencionables obxecto do presente convenio corresponde á FEGAPI, o que imposibilita a concorrenza con outras entidades deportivas.

V. A celebración en Pontevedra das competicións deportivas subvencionables constitúen eventos deportivos de ámbito estatal de grande interese público e/ou social, que fomenta o piragüismo na cidade e conleva unha importante promoción turística para este municipio que reportará beneficios á economía de Pontevedra. En atención a este especial interese social e económico na celebración do campeonato deportivo, o Concello colaborará financiando ata o 89,28% dos gastos xerados pola súa organización.

VI. A tal fin, no marco das competencias en materia deportiva, segundo os artigos antes citados da Lei 7/1985 e da Lei 3/2012, este Concello comprometeu no seu Orzamento xeral para 2015 a aplicación orzamentaria necesaria para asumir unha parte dos gastos que ocasiona a organización de actividades e eventos deportivos, singulares e relevantes, no noso municipio.

VII. O convenio de colaboración resulta o instrumento xurídico habitual para canalizar as subvencións tramitadas polo procedemento de concesión directa, consonte ao establecido na actualmente vixente Ordenanza xeral municipal de subvencións, aprobada polo Pleno da Corporación na sesión do 17/09/2004 (BOP nº 190 do 30/09/2004), baixo a vixencia da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e do Regulamento que desenvolve a anterior, aprobado por Real decreto 887/2006, de 17 de novembro, así como da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia. A xustificación posterior, para a achega do importe económico, recollerá todas as prescripcións sinaladas encamiñadas ao debido control e aplicación dos fondos públicos.

En base a canto antecede e considerando o establecido nos artigos 294 e 310 da Lei 5/1997, no artigo 111 do Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e no artigo 88 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, as partes intervenientes acordan conveniente celebrar o presente **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A FEDERACIÓN GALEGA DE PIRAGÜÍSMO PARA O FOMENTO DO PIRAGÜÍSMO EN PONTEVEDRA MEDIANTE A ORGANIZACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS DE CARÁCTER NACIONAL NO ANO 2015**, que se rexerá con suxección ás seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA. É obxecto do presente convenio establecer as condicións reguladoras da subvención destinada a outorgar polo Concello de Pontevedra á Federación Galega de Piragüismo para o fomento do piragüismo na cidade de Pontevedra, mediante a organización no ano 2015 dos eventos deportivos de carácter nacional que a continuación se relacionan:

- Campionato de España de maratón.
- *Copa España de 500 e 200 metros.
- Campionato de España de pista sénior e xuvenil.

SEGUNDA.- A subvención outórgase de conformidade coas disposicións establecidas en:

- Lei 38/2003, 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003 xeral de subvencións.
- Ordenanza xeral reguladora das subvencións do Concello de Pontevedra e os seus organismos autónomos, aprobada polo Pleno da corporación municipal, na sesión 17/09/2004 (BOP nº 190 do 30/09/2004).

TERCEIRA.- O Concello de Pontevedra comprométese a achegar a cantidade de quince mil euros (15.000,00 €) para colaborar cos gastos derivados da organización dos sinalados eventos deportivos.

O financiamento municipal poderá alcanzar o 89,28% do custe da actividade, en atención ao especial interese social e económico da actividade subvencionada xustificado no expediente. A colaboración municipal non superará a cantidade indicada dos 15.000,00 €.

A subvención outorgada polo Concello poderá ser compatible con outras axudas, ingresos ou recursos públicos ou privados para a mesma actividade, sempre que o seu importe non supere en ningún caso o custo total da actividade desenvolvida pola entidade beneficiaria.

CUARTA.- Para o financiamento da presente subvención existe consignación orzamentaria na aplicación 05.341.1-489.06 do Orzamento Xeral do Concello para o ano 2015, con cargo a operación contable RC 2015-15407.

QUINTA.- A colaboración deste Concello limitase a achega da subvención comprometida, estando eximida esta administración de calquera responsabilidade que poida derivarse da realización das actividades subvencionadas.



A beneficiaria destinará a achega municipal ao financiamento dos gastos xerados pola organización das subliñadas competicións e asumirá as responsabilidades derivadas destas últimas, sen que a administración municipal teña vinculación ou relación laboral, contractual ou administrativa ningunha coa organización das actividades ás que se destina a subvención.

A FEGAPI comprométese a solicitar as autorizacións que, no seu caso, sexan necesarias para o desenvolvemento das actividades, debendo poñer en coñecemento deste Concello as datas e lugares previstos para o seu desenvolvemento.

SEXTA.- A Federación poderá contratar os gastos que sexan necesarios para a realización por si mesma da actividade subvencionada, pero non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial da actividade para a que se outorga a subvención.

Ao abeiro do disposto no artigo 31 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, cando o importe do gasto subvencionable contratado pola beneficiaria supere a contía de 12.000,00 € deberán de solicitarse como mínimo tres ofertas de diferentes provedores. A elección entre as ofertas presentadas, que deberán de achegarse no seu caso na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía; no caso de de elixir a oferta menos vantaxosa dende o punto de vista económico deberá de xustificarse esta circunstancia expresamente nunha memoria.

SÉTIMA.- A FEGAPI destacará, en lugar preeminente, a colaboración económica ou o patrocinio do Concello de Pontevedra nos libros, folletos, carteis, informacións, material, documentación e actividade divulgativa en xeral que a dita entidade realice con motivo da difusión das competicións, así como na memoria final a editar por mor da súa organización.

Ademais, de conformidade co artigo 33.3 da Ordenanza de impulso do uso do galego no Concello de Pontevedra, aprobada polo Pleno do Concello o 23/07/2004 (BOP número 231 do 30/11/2004), as publicacións, os carteis, a publicidade e toda a producción escrita das actividades da federación beneficiaria da subvención deberá estar en lingua galega.

OITAVA.- Para o seguimento das actuacións previstas e a solución de calquera controversia que xurda en canto á interpretación dos termos do presente convenio, constitúese unha Comisión de Seguimiento integrada polo alcalde ou concelleiro/a no que delegue e o presidente da federación.

NOVENA.- O presente convenio de colaboración entrará en vigor no intre da súa sinatura e terá unha vixencia limitada ao presente exercicio, polo que, as actividades e xustificacións de gastos terán que referirse ao ano como período completo.

O procedemento rematará coa aprobación da xustificación da subvención polo Concello. Deste xeito, a entidade beneficiaria está obrigada a presentar, no Rexistro Xeral, a conta xustificativa da subvención coa forma establecida no artigo 19 da Ordenanza municipal de subvencións, que deberá comprender:

- Memoria detallada coa declaración das actividades realizadas finanziadas coa subvención e o seu custo.
- Relación desagregada de cada un dos gastos realizados con motivo da actividade subvencionada, distinguindo entre gasto total e gasto subvencionable.
- Os gastos xustificaranse a través de facturas ou demais documentos de valor probatorio equivalente, con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.

Deberase achegar o orixinal e unha copia de cada una das facturas e/ou outros documentos que se presenten.

Ditas facturas deberán cumplir os requisitos establecidos no Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, aprobado polo Real Decreto 1619/2012, estarán datadas no período subvencionable e conterán o selo de pagado ou xustificación documental que acredite o seu pago. Deberá achegarse pola beneficiaria a xustificación documental do pago, e, no caso de que esta non poida presentarse coa conta xustificativa, deberá de acreditarse o pagamento no prazo de 10 días dende o abono da subvención pola Tesourería Municipal, ao abeiro do establecido no artigo 18.2 da Ordenanza xeral de subvencións do Concello.

Así mesmo, segundo a Lei 7/2012 de 29 de outubro, non poderán pagarse en efectivo as ope-

racións de importe igual ou superior a 2.500,00 €, polo que, o pagamento destas operacións acreditarase co correspondente xustificante da transferencia bancaria.

- Relación desagregada de todos os ingresos que financian a actividade (fondos propios, subvención concedida e outras subvencions).
- Un exemplar de toda a documentación impresa xerada pola actividade que acredite a participación do Concello no financiamento da actividade subvencionada.

Do mesmo xeito, a beneficiaria acreditará estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, mediante a presentación das correspondentes certificacións da Tesourería Xeral da Seguridade Social, da Delegación da Axencia Estatal Tributaria e da Consellería de Economía e Facenda.


O prazo para a presentación da conta xustificativa será de tres meses dende o remate da realización das actividades que, en todo caso, non poderá exceder do 31/10/2015.

A presentación da conta xustificativa fóra do prazo establecido constitúe unha infracción leve, ao incumprir as obrigas establecidas na normativa reguladora das subvencións públicas, e dará lugar á imposición das sancións previstas legalmente.

DÉCIMA.- No exercicio das funcións de fiscalización e control do destino dos fondos públicos, a FEGAPI facilitará canta información lle sexa requirida pola Intervención Xeral do Concello, o Tribunal de Cuentas e polo Consello de Contas de Galicia. Neste senso, como beneficiaria da subvención, a súa actuación estará sometida á esixencia de responsabilidade contable nos termos e co alcance que determine, no seu caso, o enxuizamento dos anteriores órganos.

UNDÉCIMA.- Serán causas de extinción deste convenio a realización do seu obxecto, así como o incumprimento, total ou parcial, de calquera das súas cláusulas, mediando neste caso denuncia previa das partes asinantes.

En proba de conformidade, as partes subscriven e asinan o presente convenio, por triplicado exemplar e a un só efecto, no lugar e data ao principio indicados, quedando un exemplar en poder de cada unha delas.



O alcalde,

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y

M

Y